

CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

- ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO IV N.º 125

TEMAS

El mundo es una torre de Babel

En la actualidad se hablan 7.000 idiomas

MANE DEL VALLE

Si bien es cierto que el inglés está considerado como uno de los idiomas más internacionales del mundo, el chino -hablado por más de mil millones de personas- es, con mucho, la lengua más hablada del planeta.

Se cree, sin embargo, que alrededor de cuatrocientos millones de personas son capaces de comprender y hacerse entender en inglés.

Se estima que existen unos siete mil idiomas en uso, aunque algunos sólo son utilizados por ciertos grupos muy reducidos.

Entre ellos se encuentran las lenguas comprendidas en la denominación de semíticas o judaicas, como el arameo, de Aram, antiguo nombre de Siria, de la que se sirvió Jesucristo cuando estuvo en la Tierra, ya que antes de su venida ésta era la lengua que se hablaba en Palestina.

El uso del arameo, idioma carente de belleza fonética, está confinado a tres pequeñas localidades situadas cerca de Damasco en las que sólo viven unas cuatro mil personas.

EL MAS DIFICIL

El chino es un idioma muy complicado de aprender para aquellos que no la tengan como lengua materna o de origen. Una simple palabra puede tener diversos significados dependiendo de las frases siguientes e incluso del tono de voz que se utilice para decirlas.

La palabra "ma", por ejemplo, quiere decir madre, pero si se pronuncia en un tono más bajo significa cañamo. En un tercer tono más grave y modulado, sirve para denominar al caballo y en un cuarto, brusco y seco, es un insulto.

Pero el chino no es el idioma más difícil de aprender del mundo. A este respecto los lingüistas están de acuerdo en que este honor está en posesión de los vascos.

Claro que el japonés tampoco se queda atrás, aunque su máxima dificultad estriba en el gran número de signos que componen su escritura.

El alfabeto castellano tiene veintiocho letras, el inglés y el francés poseen veintiseis y el japonés para escribir se vale nada menos que veinticinco mil caracteres diferentes o ideogramas.

Por su parte, los árabes se enorgullecen de poseer ochenta formas diferentes para designar a la miel, doscientas para la serpiente, quinientas para el león, mil para el puñal, otras mil para el camello y cuatro mil para indicar la idea de enfermedad.

MUJERES NEUTRAS

No deja de ser curioso el hecho de que el alemán es el único idioma en el que la luna pertenece al género masculino, el sol al femenino y las jóvenes al neutro, aunque cuando se casan se convierten al género femenino.

El sánscrito -antigua lengua de los bramanes, sacerdotes de Brama, dios supremo de los hindúes-, fue introducido en Europa de una forma muy curiosa.

Alexander Hamilton, empleado de la Compañía de las Indias que fue hecho prisionero en París durante las guerras napoleónicas, utilizó el tiempo que pasó entre rejas enseñando el sánscrito a sus



compañeros de prisión. Entre sus discípulos se encontraba el filósofo y poeta alemán Schlegel quien, al regresar a su patria, publicó, en 1808, su obra "Sobre la lengua y el saber de los hindúes".

El descubrimiento de esta vasta y desconocida literatura occidental representó uno de los acontecimientos más importantes de este tipo desde la literatura clásica griega al Renacimiento.

Revivir una lengua de las consideradas muertas no es imposible. Israel lo ha hecho con el hebreo, en desuso como lengua hablada por espacio de casi dos mil años.

En la actualidad es una lengua moderna utilizada por aquellos que van al nuevo Estado procedentes de más de setenta países diferentes.

LOS MAS UTILIZADOS

El inglés es el idioma más ampliamente enseñado como segunda lengua.

Según se asegura, unos diez millones de personas saben y utilizan el idioma de Shakespeare en Rusia y está muy difundido en los colegios.

En los años de la postguerra el francés y el español perdieron algo de su popularidad. En aquellos tiempos el español era utilizado como lenguaje internacional del comercio mientras que el francés era el preferido de los diplomáticos.

En la actualidad, en los grandes encuentros internacionales de todo tipo, se usan principalmente el inglés, el ruso, el japonés, el chino y el indostani.

Pero hállese en el idioma que se hable, todos tienen sus valores y su importancia. La lengua en la que se expresaba Jesús era humilde y su vocabulario distaba mucho de ser perfecto, pero El supo enseñar en arameo cosas nobles y hermosas. Y es que, en definitiva, no es la riqueza de palabras o la dulzura de sonidos lo que importa, sino lo que con ellos se exprese.

A Solaina

Castelao

XOSE MARIA COSTA

A Caixa de Aforros de Vigo ven de publicar un excelente volume con diversas colaboracións sobre diferentes aspectos da vida e a obra de Castelao.

Polas especiais circunstancias políticas que rodearon o seu acontecer humano, a figura de Castelao nunca ou case nunca, coído, ten sido tratada coa serenidade necesaria para situar coa suficiente obxetividade a súa andadura vital, política e artística. Os que antes lle chamaban radical ou separatista ou os que máis de unha vez pensaron que era sobexamente tépido nos seus plantexamentos agora ensalzano ate a saciedade convertíndoo nunha figura etérea que a todos contenta. O esquenzo teimoso e interesado de tantos únese agora ás acriticas gabanzas de outros esfumados a perspectiva e convertindo a un home dotado dunha enorme personalidade e dunhas evidentes cualidades humanas, artísticas e sociais nunha figura impermeable a toda crítica: así se despersonalizan os seus moitos acertos e virtudes.

Velahi a importancia do presente volume: tenta centrar ao home, ao artista e ao político, sinalar os seus grandes acertos e virtudes, a súa fonda humanidade e talento, o seu irrenunciable amor a Galicia, e dar fe das súas limitacións ou posibles erros, é decir, humanizar ao personaxe.

Eu destacaría neste libro un interesante e atractivo, tan esclarecedor como serio e riguroso, traballo de M. Luisa Sobrino Manzanares sobre a coor na pintura de Castelao; un atinado e incisivo comentario encol de certos aspectos da vida política de Castelao escrito por R. Carvalho Calero; un traballo serio e comprensivo sobre o Diario de Castelao escrito por o para min tan descoñecido como apreciable Martín Bartolomé; un excelente traballo de Ramón Villares sobre o mundo campesino na obra gráfica de Castelao; un traballo de Méndez Ferrín tan fermoso como sarcástico, tan apaixonado como idealista; un tan curto como clarificador estudio de Justo G. Beramendi sobre a evolución política de Castelao; un documentado traballo de Isaac Díaz Pardo sobre a súa etapa americana do exilio; outro de Siro sobre humorismo e caricatura en Castelao; unha extensa bibliografía, unhas apreciables notas biográficas...

Fora de algúns comentarios persoais decididamente insulsos e anódinos e algunhas cousiñas máis perfectamente prescindibles, iste volume é un excelente exemplo de traballo serio e ordenado, riguroso e esclarecedor nalgún aspecto e lese coa facilidade necesaria para que a vida e a obra diste home de cualidades tan enormes como evidentes non se difumine entre os intereses de uns, as boas intencións de outros e a confusión resultante dunha desafortunada amalgama de ditirambos sen medida.

FALANDO

Una conversación con Rafael Grasa

Educación para la paz: un objetivo urgente

M.V.F.

Tivemos la oportunidad de falar con Rafael Grasa co gallo da súa presenza entre nos no marco das Xornadas de Educación pola Paz que organiza o grupo de Educadores pola Paz de Nova Escola Galega. Foi a súa unha conferencia eminentemente pedagóxica. Cunha axustada craridade expositiva, mostrou as liñas mestras do movemento internacional da educación pola paz, e aínda atopou tempo para propor modelos prácticos de traballo. Na imposibilidade de trasladar íntegra aquela magnífica lección, invitámo-lo a resumir algún dos seus puntos fundamentais a través das nosas preguntas.

—¿Por qué educar para la paz?

—¿Por qué educar para la paz? Sólo hay que mirar el mundo que nos rodea; hambre miseria, paro creciente, peligro de guerra nuclear: 160 guerras en los últimos 40 años, todas en el sur, con armas exportadas del norte; violencia creciente en las ciudades, incomunicación, manipulación a través de los medios de comunicación... Es decir, es urgente hacer dos cosas: cambiar la realidad exterior, cambiar las estructuras injustas del mundo y, al propio tiempo, cambiarnos a nosotros mismos que contribuímos también a esas estructuras injustas. Por eso, para cambiar todos hay que educar para la paz, para cambiar todos mientras cambiamos el mundo.


LA PAZ DE LA QUE HABLAMOS

—Sin embargo, nadie niega el valor de la paz. En principio, parecería que es innecesario enseñar a querer la paz cuando todo el mundo dice querer la paz. ¿De qué manera podemos intervenir sobre lo verdaderamente importante, es decir, sobre la distancia que hay entre el deseo de paz que todo el mundo parece tener y los hechos que niegan la realización de ese deseo?

—Esto tiene que ver con las distintas concepciones que hay de la paz. Efectivamente, todo el mundo dice querer la paz, hasta el punto de que hubo gente que propuso dejar de utilizar la palabra "paz", porque era tan polisémica que no se sabía lo que significaba. Otros, sin embargo, hemos reivindicado seguir utilizándola, porque la paz de la que hablamos no es la paz esa que se prepara y se conquista, según algunos, preparando la guerra; no es tampoco la paz de los cementerios, la paz de la quietud, sino que la paz de la que hablamos es la que significa un nivel de violencia muy bajo con un nivel de justicia muy alto, es decir, la paz que significa acabar tanto con la violencia directa como con la violencia estructural presente en la propia sociedad. Hay que denunciar como, en nombre de la paz, se perpetran muchas veces las peores atrocidades, como la paz se entiende bajo formas restrictivas, como la paz de mi grupo, la paz de mis amigos, pero, para esa paz, se masacra a los otros. Hay que hacer ver que la forma en que se está diciendo en Occidente que se conserva la paz, por la vía la lógica de los bloques, del enfrentamiento continuo, de la guerra ideológica, del rearme... así lo que se consigue es hacer más probable la guerra. Esa es la primera cuestión, que yo no llamaría ni siquiera educación para la paz, sino alfabetización, simplemente, ante la manipulación y la ceremonia de la confusión de los medios de comunicación.

La otra manera de luchar por la paz desde una perspectiva de educación por la paz radica en que la paz empieza también por uno mismo, en que no podemos buscar la paz fuera de casa y seguir siendo nosotros violentos e injustos, utilizando formas de explotación en nuestra propia vida profesional, familiar, en la vida de relación con los amigos, en la vida social, etc.

—En todo lo que dices parece predo-



minar un discurso ideológico muy explícito. ¿No parece esto contradecir cierta concepción de la educación según la cual debían predominar valores "científicos", "a-ideológicos", en tanto que se puede entender que esa educación por la paz supone un intento de imponer sobre los alumnos la ideología de sus maestros? ¿Qué responderías a esta objeción?

—Me planteas dos tipos de problemas. En primer lugar, si la educación es, puede ser o debe ser neutra. **No puede ni debe ser neutra**, ni de hecho nunca la educación—ningún tipo de educación—es neutra, porque la educación es uno de los instrumentos básicos que tenemos para adecuar a los niños, y después a los adolescentes, e incluso a los adultos, a las formas y pautas de vida dominantes en una sociedad. Teniendo en cuenta esto, no hay ningún tipo de educación—instituto—que sea neutro, desde la elección de los contenidos por la vía ministerial o desde la propia escuela, hasta la forma en que se llevan a la práctica esos contenidos.

QUE LA DESOBEDIENCIA SE PRACTIQUE EN LA PROPIA ESCUELA

Desde esa perspectiva, hay que superar el miedo a que a los que hacemos educación para la paz nos llamen "politi-

cos", "partidistas", etc. Se trata simplemente de saber cuáles son los valores que la sociedad inculca hoy a través de la educación: valores como etnocentrismo, chovinismo, xenofobia, autoritarismo, acriticismo, docilidad, aceptación mansa, servidumbre, etc., etc. Lo que quiere la educación por la paz es fomentar, por el contrario, los valores de la reflexión, de la autocrítica, de la capacidad de desobediencia... Y esa desobediencia, obviamente, ha de practicarse en la propia escuela, y con eso llego a la otra cuestión que me planteabas: efectivamente, alguien podría decir: "bueno, ¿no es el maestro el que está, más que educando, adiestrando, ideologizando a sus alumnos?"

No, porque la auténtica educación por la paz empieza por dar armas a los alumnos para que se puedan rebelar contra su propio maestro, la educación por la paz intenta conciliar fines y medios, no puede elaborar contenidos distintos a través de medios distintos. Lo que hace es optar por vías básicamente inductivas, por vías de participación, en las que el propio alumno elige en gran parte los contenidos. La educación para la paz permite que la desobediencia se practique ya en la propia escuela, con el propio maestro, en el grupo de clase, entre los alumnos, porque no intenta negar los conflictos, y menos el conflicto escolar.

Intenta enseñar a la gente a resolverlos de otra manera, a partir de la tolerancia, de la comprensión, etc.

—Y educar para la paz, ¿dónde? ¿Propondrías para la educación para la paz una asignatura especial, o exige un espacio escolar distinto?

—La educación para la paz no debe ser nunca una asignatura. Eso significaría el fracaso más absoluto. La educación para la paz estaría mejor en un tipo de estructura menos jerárquica, menos autoritaria que el actual marco escolar. De entrada, no debe circunscribirse exclusivamente al marco escolar: por ejemplo, conozco interesantes experiencias en grupos de ocio para gente joven, en ludotecas de algunas ciudades andaluzas, etc. En el actual marco escolar se puede hacer educación para la paz siempre y cuando se esté dispuesto a desbordarlo en cierta medida. En la propia escuela, hay que pedir la colaboración de los padres, la colaboración del propio movimiento por la paz, de todos aquellos que son solidarios con el Tercer Mundo. Ese es el camino para intentar desbordarlo. En todo caso, no hay que obviar la dificultades: el marco escolar existente en el Estado Español, incluso con las precariedades funcionales, estructurales de la enseñanza, no es de los que más favorecen la educación para la paz. Sin embargo, tenemos algo a nuestro favor, y es la enorme sensibilidad antibélica y pacifista que tienen las generaciones jóvenes, y eso es lo que puede paliar los inconvenientes de un marco escolar como el nuestro.

LA EDUCACION PARA EL DESARROLLO, COMPLEMENTO DE LA EDUCACION PARA LA PAZ

—Bastantes profesores hemos tenido la experiencia de ver como determinados contenidos relacionados con la educación para la paz suscitan un cierto morbo belicista: el gusto por el estudio de las armas, de sus características técnicas. ¿Hasta que punto eso no puede conducir a consecuencias contrarias a las que deseamos: buscamos que sientan horror por la guerra, y al final hay una especie de atractivo de lo bélico?

—Aquí hay dos cuestiones: en primer lugar, hay una explicación histórica del por qué ese interés por entender la lógica de la carrera armamentística y de las tecnologías y estrategias bélicas. La razón básica es que la investigación para la paz, que es la que sustenta la educación y la acción para la paz, ha tenido que entender para luego poder denunciar las manipulaciones del lenguaje guerrero, que habla de seguridad cuando provoca inseguridad, que en gran parte, por tanto, falsea los datos de la realidad. Ahora bien, ese es un tipo de trabajo que hay que hacer sobre todo a nivel de enseñanza secundaria y universidad, y siempre en dosis medidas. Está además el hecho de que esos temas están en los medios de comunicación de masas y cada vez con más frecuencia. La clave está en no exagerar: una educación para la paz que sea simplemente hablar de las armas, del peligro de guerra, etc., es un error en el que se puede caer y en el que, probablemente, se ha caído porque era lo más sencillo. Pero junto a eso hay la posibilidad de combinarlo con otras cosas: hacer experiencias, juegos desimulación y, sobre todo, recordar que el mejor complemento de la educación para la paz es la educación para el desarrollo, todo el tema de solidaridad, de contacto con el Tercer Mundo, etc. Eso permite ver otra dimensión, la relación que hay entre el desarrollo y el desarme, o la relación que hay, en negativo, entre la carrera de armamentos y el subdesarrollo de muchos de los pueblos.

A rapa das bestas en Sabucedo

DAVID OTERO FERNANDEZ



Os días 5, 6 e 7 de xullo, na localidade estradense de Sabucedo, celebrarase a tradicional e secular — declarada de interese común — rapa das bestas, no curro de San Lourenzo de Sabucedo.

No mencer do día 5, sábado, centos de persoas subirán ós montes daquela bisbarra, ó Cávado, á Conla, ós Outeiriños, etc., na procura dos animais, para xunta-las greas, guiadas polo forte mando natural do seu garráñon, xefe tan indiscutible coma considerado na súa condición de tal.

De mañá, ben cedo, puntuais como cada ano, afirmando a devoción de sempre, os mozos, vellos e nenos de Sabucedo, os da Estrada, Codeseda, A Portela, Souto, Quireza, Cerdedo, Forcarei, Montillón, e demais lugares, vilas e cidades, subirán ben cedo, coas arelas de confirma-las súas reses, de ollalas e disfrutar satisfeitos da fermosa estampa na natural condición. No monte nada está artellado. As cousas acontecen segundo o tempo e o espazo, segundo o medio, segundo a natureza e a súa sabencia. No monte todos son iguais, a todos considéranse o mesmo, todos son solidarios co traballo común. Ninguén é indispensable, pero todos son precisos na comunitaria tarefa de xunta-las bestas, de acadalo maior número delas, para face-la baixa, para encañá-las cara San Lourenzo de Sabucedo. Dende a cámara televisiva, a noticia en directo da radio, ó grollo de viño e ó compartido bocadinho de queixo, chourizo e xamón, ali no monte, todos teñen un lugar, un sitio no facer solidario.

Pola súa condición, os homes de Sabucedo, teñen un significado papel nesta festa, aínda que tamén están abertos ás colaboracións e a aquelas que lles boten unha man xenerosa. Se as cousas saen ben, se foron normais, sobre das catro ou cinco da tarde, os animais chegan ó pobo, chegan a Sabucedo. Acomodada-las bestas en lugares axeitados do pobo, ali, elas mesmas acadan repouso, agrúpanse e descansan. Os homes e mulleres, mercidamente polo traballo feito, satisfán o seu apetito perante un prato de polbo, churrasco ou outra comida. Algunhas peñas e cuadrillas fan o seu propio grupo — Os de Codeseda, A Estrada, os de Benavente, etc. —, e en comunicación festiva, dan conta do xantar, do café e abundosa queimada. A satisfacción é agora a palabra. Sobre das sete, as bestas son levadas ó Curro, ali afastan as crias e faise unha pequena rapa.

O domingo de San Lourenzo, día grande de Sabucedo, mistúrase a romaría e a festa coa rapa. Milleiros de visitantes de todo o país e tamén en grande número de fóra, danse cita para celebra-lo día, para ve-la Rapa e disfrutar na abundosa e coitada carballeira — exemplo do que hai que facer nos outros lugares coas nosas

carballeiras — e, repito, ali dar conta do bo xantar, do natural divertimento en familia e amizade. Alá no Curro, na Rapa, xunguiranse as mañas e sabencias dos homes, transmitidas de xeración en xeración, coas forzas nobres dos animais. Ali é o encontro natural dos homes con elas. Os animais resisten e os homes — coa presenza dalgún mocino, o cal se confirma na tarefa pola confianza dos maiores —, baixo a atenta mirada dos patriarcas máis vellos, tratarán de gañalas na súa resistencia e tamén de vencelas. As armas son o corpo, a valentía e as mañas propias e de sempre ó efecto. Isto é así, non poderá ser de outra maneira. A rapa é natural, secular e de por sempre ben asegurada na vontade deste pobo.



O luns día 7, xa no silencio e acougo das xentes, no recollemento orixinario do propio pobo de Sabucedo, cando os visitantes vivan dos recordos, eles, os de Sabucedo, fan a súa Rapa. A Rapa íntima do pobo. E unha rapa singular, sen ruído, sen estrondos. As xentes de Sabucedo adicanse con tranquilidade ás súas bestas, ás cales, sobre do serán, soltarán cara ó monte. Outro ano, un máis, queda no recordo ledo e doce dos que temo-la convicción de que a Rapa é unha festa importante no país galego.


o pizarrín

*Coleccionable
para os mois pequenos*

N.º 69

A rapa das bestas






JAMES TONT 009

Bernardino Buceta
7º E.X.B.

CONTRA O PROFESSOR FRANK ESTEIN

XEFE, ATOPEI A ENTRADA. CORTO.




ALI ESTA, COLLEDELO!

CREICHES QUE MORRERA?

BAANG! BAANG!

RING! RING!



DO OUTRO BANDO, MEU PAI É UN APTAIOADO DA HISTORIA E ANTROPOLOGIA.

O CASO É QUE O CASO DEU CUM PRODUTO,

E O PEPO, PRESTOUSE VOLUNTARIO A PROBA-LO, PRA AVERIGUAR OS SEUS EFECTOS. PRO XAMAS

SOU PEPO COSLES ERAN, PORQUE O MOI INGRATO DESA PARECEU PRO OUTRO DIO.

A SEMANA SEGUINTE CHEGOU-NOS O CASO, UN PAQUETE SEN REMITE

E O ABRILLO: "O CORNO DO OLEF!!" EXCLAMO MEU PAI, TOLO DE LEDIGID.

O PARECER, ISE CORNO, ERA UN DOS DOUS QUE TIÑA O CASCO DO TAL OLEF: UN NORMANNO QUE NO SÉCULO IX

FIZIA EXCURSIOS PELA COSTA GALEGA, ROUBANDO E ASSASSINANDO, COMO É O PROPIO, ATÉ QUE DECIDIU ESTABLER EN FISTERRA O SEU CLAN, FACENDO INCURSIOS O INTERIOR E SEMENTANDO O MEDO. POR FIN FOI BOTADO O MAR, E DIN QUE SEGUIU CARA O OESTE: O FIN DO MUNDO!!

PRO OUTRO DIO, CHAMARON O MEU PAI,

QUE SEN DAR EXPLICACIENS NON TE PREOCUPES, LOGO VOLTAREI. ISTO É MOI IMPORTANTE". FAI 6 MESES QUE MARCHOU

XH VAI CHE BOA

CONTINUARA

Castros inéditos

Gracias a las referencias facilitadas por don Gerardo das Arias, profesor del Colegio Público de Carballal-Cabral, se pudieron localizar e inventariar dos nuevos emplazamientos castreños en la zona viguesa. Uno de ellos en la parroquia de Cabral y el otro en la vecina de Candeán.

CASTRO DE CARBALLAL-CABRAL (VIGO)

A unos 300 metros de altitud, se encuentra el denominado "O CASTRO" en el barrio de Carballal, perteneciente a la parroquia de Sta. Marina de Cabral. Posee una corona elíptica orientada de norte a sur, cuyo eje mayor mide unos 85 metros y el otro eje, en dirección este-oeste, aproximadamente llega a medir unos 60 metros.

La zona más elevada se sitúa hacia el norte y viene dada por una pequeña acrópolis rocosa. El mayor desnivel lo presenta por el sudoeste, por el naciente y poniente, este castro se encuentra parcialmente modificado por construcciones recientes y zonas de cultivo.

Posee un pequeño parapeto semicircular de unos 25 metros de largo, 2 de ancho y 1,5 metros de alto. Está orientado en su zona norte. A continuación, tiene un pequeño foso. Se puede observar restos de muralla pétreo por su zona sur y oeste. La zona que ofrece mayor habitabilidad, es la situada hacia el sudoeste de la elevación.

La vegetación que posee este castro, es de pinos, eucaliptos y maleza diversa. Es propiedad particular de varios vecinos. Desde él, se puede observar el Castro de Castríño de Becerreira, también ubicado en esta parroquia viguesa.

CASTRO DE FREIRIA-CANDEÁN (VIGO)



En la parroquia de S. Cristóbal de Candeán, se localiza el "CASTRO" o "CRASTO" de Freiria. Posee una altitud de unos

270 metros y dicho emplazamiento castreño, nos viene dado por una corona oval y una terraza orientada hacia el poniente. Sus ejes son: norte-sur: 60 metros y este-oeste: 75 metros. Se observan restos de labores de cantería por el naciente y zona sur.

CARBALLAL EN LA ZONA VIGUESA

(Informe toponímico)
La zona donde está enclavada nuestra Agrupación Escolar, por los topónimos que en el presente trabajo ofrecemos, se deduce que era lugar casi inhabitado con mucha riqueza forestal y por lo tanto

de riqueza animal. Es posible que estuviera cruzada por una vía romana —POUSADA, PARADA, RETORTA— y también es evidente la abundancia de barro en las partes que dan al río y que justifican el actual enclave de la actual fábrica de Alvarez. La justificación de zona no habitada viene por la carencia de topónimos referentes al millo que es el principal producto de la zona y que tuvo que ser el hombre el que lo plantó con posterioridad.
CARBALLAL: Lugar poblado de carballos. Carballa.
PINO MANSO: Referencia a un



- pino piñeiro ou albar.
- FIGUEIRAS:** Lugar de estos árboles.
- MACEIRIÑA:** Diminutivo de maceira. Lugar de árboles de esta clase.
- COSTA DA GRAÑA:** Donde se "amorean os grañeiros do millo".
- FRAGOSO:** De fraga. Lugar de árboles y malezas. Antes del siglo XV pasaron a propiedad del rey y se plantaron muchos árboles.
- RIO CERNADE:** Hace referencia "ao cerne da madeira".
- AMEAL:** De ameneiros.
- PIVIDAL:** Lugar de semilleiros de pivodas (pepitas).
- NOGUEIRA:** De nogales.
- PIÑEIRAL:** De piñeiros.
- LAVANDEIRA:** Referente al pajarito de esta clase.
- BECERREIRA:** Onde se gardaban os becerros.
- CABRAL:** Referente a las cabras.
- AS RANS:** Lugar de rans.
- CRUXEIRO:** Donde "aniñan as caruxas".
- PENIS:** Con muchas penedas.
- MOLARES:** Tierras blandas junto al río.
- LAGARES:** Pozas fangosas y pantanosas en el río.
- LAMEIRA:** Que hay lama o barro.
- FREIRIA:** Perteneciente a los frailes o cregos.
- CAEIRO:** Que tiene pendiente pronunciada.
- RETORTA:** Vuelta del camino.
- PARADA:** Lugar en el que se podía pasar la noche al ir de viaje (posada).
- FEIRA:** Lugar de venta de ganado (se celebraba el día 8 de cada mes).
- BESADA:** Campo que "duas xugadas de bois poden arar nun día".
- REQUEIXO:** Terreno que remata en cuesta para entrar en "chaira".
- GONDARISCO:** De gándaras o pantanos.
- MEDOÑA:** Referente a una mámoa o túmulo.
- AS LAXES:** Lugar de grandes piedras (monumentos megalíticos).
- COTO:** Cima, altura.
- CHAN:** Terreno chairo.
- RINXELA:** De renxer. Ruido da auga ao cair ou de xemido de gando.
- LOUREIRO:** Referente a ese árbol.
- SANIN:** Posible antropónimo de saninus. Otra posibilidad es que proceda de SAN(T)INUS = Loureiro santo. Los loureiros eran objeto de culto en Galicia "e foron rexeitados nun concilio".
- BARREIRO:** Lugar de barro.
- CASAL:** De casa rica con herdades.

ALUMNOS 8.º EGB
COLEGIO PUBLICO CARBALLAL
AVENIDA PEINADOR S/N CABRAL-VIGO

O ANAQUEL

● ERASMO De la urbanidad en la maneras de los niños. Edición bilingüe. Trad. de Agustín García Calvo. Edición e comentario de Julia Varela. Col. Clásicos de Educación. Ministerio de Educación y Ciencia. Madrid 1985.

Curioso texto do gran humanista, que no seu comentario Julia Varela nos presenta como paradigma das novas normas de "urbanismo" en relación coas características da "cortesía" propias do medievo. O interese do texto é máis, naturalmente, polo seu valor de símbolo dun cambio histórico, que Julia Varela contextualiza moi ben no que posiblemente constituía unha das primeiras -aínda que breve- aportacións á socioloxía do corpo e da vida cotidián en España.

● Luis MATILLA. Teatro para armar y desarmar. Ilustracións de Carlos Heráns. Austral Juvenil. Espasa-Calpe, Madrid 1985.



Luis Matilla presenta aquí os textos de dúas obras -El baile de las ballenas y El bosque fantástico- representadas nos veráns de 1984 e 1985 no parque do Retiro madrileño. Supoñen unha concepción do teatro infantil eminentemente participativa. Os diálogos e a acción aparecen continuamente interrompidos por propostas prácticas dirixidas a incorporar aos pequenos espectadores, ademais de continuas e precisas acotacións para a solución dos problemas de escenografía, vestuario, etc. Deste xeito, estas obrinhas -que, por outra banda, intégranse dentro dun teatro "de combate" ou comprometido, como o resto da obra do autor, neste caso centrado sobre a problemática ecolóxica- constitúen propostas de traballo sen dúbida potencialmente moi útiles para o seu uso escolar.

● César SAENZ, Xenaro GARCIA. Informática 1 e 2. Cuadernos de Enseñanzas Medias. Consellería de Educación e Cultura. Dirección Xeral de Enseñanzas Medias. Santiago, 1986.

A reforma do Ensino Medio en Galicia. 1.º Ciclo. Cuadernos de Enseñanzas Medias. Santiago, 1986.

Primeiras entregas duns Cuadernos de Enseñanzas Medias, editados pola Dirección Xeral de Enseñanzas Medias, que, segundo proclaman os seus responsables na presentación, pretenden servir de canle ás experiencias innovadoras dos ensinantes deste nivel educativo. Os tres primeiros volumes están adicados a recolle-la experiencia de introducción dos ordenadores no bacharelato durante os cursos 81-82, 82-83 e 83-84, e a experiencia de aplicación dos programas renovados no centro de Allariz durante os cursos 83-84 e 84-85.



LETRAS

Dando unha volta pola emoción dos versos de Miguel Hernández

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO



Acabo de ler hai uns días, que a Deputación de Alicante rescatou vinte e catro sonetos inéditos de Miguel Hernández.

Sempre é unha boa noticia, que estas cousas ocorran nun país, dende sempre volto de costas ós feitos culturais, sobre todo por parte das chamadas institucións.

Miguel Hernández, poderoso nome. Nome evocador de duro mozo valenciano; de rexo pastor alicantino con redonda cabeza rapada e mollado por arrecendentes bafos de forte sol levantino. Unha pel tostada, a súa, calada aluminadora das panas de vestimentas sinxelas e de amorosas alpargatas típicas do campesiño do Levante español.

Volve á miña mente esa fotografía, na que o poeta oriolano, nun frente da Extremadura alá polo ano 1937, recita vehementemente os seus compañeiros en loita eses enardecidos poemas do libro: "Viento del pueblo": "... Aquí estoy para vivir/ mientras el alma me suene,/ y aquí estoy para morir/ cuando la hora me llegue..."

Miguel Hernández ¡Canta paixón contéñen os teus versos! Alguén dixoxa, que "houbo moitos Migueles". Está moi clara a súa evolución poética, pero eso si, endexamais á marxe da personalidade e dos ben profundos sentimentos do poeta.

Eu quixera falar aquí, se lles parece ben, dun rasgo indisoluble a toda a traxectoria hernandiana: unha emoción sen límites en cada palabra, en cada verso, en cada acto. Unha emoción amosada nos trances máis diversos da súa existencia e que se fará "forma chea de beleza" sen un chisco de artificiosidade irreal. Moitos dirán que a emoción poética é característica consustancial das propias liñas versificadas. Dende logo, máis poucas veces, ó longo dunhas canles tan áridas o factor emocional mantérase tan vivo coma na totalidade da obra de Miguel Hernández. A emoción dos contidos traslucirá nunhas frases envolventes, propiciadas polo encantamento, entre outras influencias, dos grandes poetas do Século de Ouro da nosa literatura.

Poucos poderían imaxinar-la capacidade ó traveso dunhas lecturas inusuais para os homes da condición do noso poeta. Velaquí un caso de exemplar esforzo por acadar-las claves dunha cultura, nun principio ben alonxada do seu mundo cotián.

Emoción sen límites na súa rebelión, nos golpes mortais recibidos, no rosario de cadeas que lle tocou vivir. Unha emoción constatada polo feito de non deixar ó lector indiferente en ningún caso. O ler un poema de Miguel Hernández, as zonas máis fondas da sensibilidade das persoas vense afectadas dende o momento de adentrarse nos contidos e mesmo nas formas. Ecocación do cotián, incursación do home na súa realidade, a concepción do compromiso civil como algo que non debe relegar á beleza, xunto a outras situacións vitais, atópanse envoltas de emoción feita palabra.

Vicente Aleixandre, poeta por el admirado, dicía entre outras cousas, o seguinte: "He oído a muchos poetas decir sus versos. Pocos me han dado esta sensación tan completa del hombre expresado en acto, desde la desnuda garganta".

Emoción reflexan estas verbas do poeta amigo. Verbas escritas a partir desa observación de Miguel exhalando as súas palabras con voz ben clara, semellante ó ruído do home, que di sentimentos que sean do peito.

Miguel Hernández: metáforas, símbolos, rebeldías, sangue, pobo. Pero sempre emoción nos seus versos. Ata no libro "Perito en lunas", volume traballado a conciencia e no que se advirte unha tremenda loita coas palabras, podemos atopar a emoción poética da que falo, malia ser un libro difícil e para moitos, frío... "Entonces, posteriores sufrimientos/nos harán leves, libres de lodos..."

Con "El rayo que no cesa" comenza unha etapa de humanización da poesía hernandiana, cunha obra crea de simboloxía agresiva e dun achegamento do poeta ó cosmos e á natureza. Un bo exemplo pode ser ese coñecido poema que escomenza: "Me llamo barro aunque Miguel me llame..."

O existencial aparece nestes versos e os símbolos fanse violentos. "O sangue" "o coitelo", "o barro", "o lóstrego" e mesmo "o touro", antes cargado dun sentido totalmente distinto.

Todo este libro é existencia angustiosa tinguida de emotivos salaios que berran a impotencia. Pero é o sentir do home e iso importa sobre todo: "... Este rayo ni cesa ni se agota:/ de mi mismo tomé su procedencia/ y ejercita en mi mismo sus furores..."

Será neste conxunto de poemas onde acadará o poeta o seu cume de intensidade emotiva. Estou a falar da "Elegía" a Ramón Sijé. Poucos casos poderán darse de estruturas poéticas tan perfectamente delimitadas emocionalmente, como nesta xoitada da poesía de sempre. O canto ó amigo morto ten aquí o seu máximo expoñente e versos como: "y siento más tu muerte que mi vida..." ou "... Tanto dolor se agrupa en ki costado/

que por doler me duele hasta el aliento..." só necesitan seren lidos unha vez para decatarnos da profunda dor que contéñen. O dramatismo e o patetismo produtos da ferida aberta no poeta, abrangue a súa extase nos versos:

"...Quiero escarbar la tierra con los dientes/quiero apartar la tierra parte a parte/ a dentelladas secas y calientes/ Quiero minar la tierra hasta encontrarte/ y besarte la noble calavera/ y desamordazarte y regresarte..."

Impresionante exemplo de amor humano, pero máis impresionante saber darlle forma literaria e que poida ser comprendido e deleitado polos demais.

"Viento del Pueblo" e "El hombre acecha" son os libros da politización do poeta. Liberado da educación conservadora recibida e da influencia de Ramón Sijé, acontece a guerra civil. Miguel Hernández sentíndose solidario co cobo sinxelo participa activamente na contenda. A súas orixes e unha toma de conciencia progresiva da situación social faránlle decantarse polo bando republicano e adica-los seus esforzos a prol dunha victoria que non chegará. Estes dous títulos serán a poesía de guerra do poeta cunha temática habitual nestes casos: elexías ós personaxes mortos, elexios dos que loitan, ánimos a esa xente que se move no frente de batalla, etc... Iso si, poemas de auténtica calidade, mollados dunha emoción dramática e intuitiva que viña de moi dentro.

"... Andaluces de Jaén,/ aceituneros altivos/ pregunta mi alma ¿de quién/ de quién son estos olivos?..."

Ou estes versos da "Canción del esposo soldado".

"... Ya me parece que eres un cristal delicado,/ temo que te me rompas al más leve tropiezo..."

Poden ser un pequeno exemplo do que veño dicindo.

E se de emoción falamos non debemos esquecer-lo "Cancionero e romancero de Ausencia" (1938-1941) libro no que o autor expresa interrogacións duras sobre e existencia do ser humano, o seu inevitable destino, facendo asimesmo un forte examen de conciencia que lle levará a conclusións crueis sobre a guerra e as súas consecuencias. O amor será para él a única esperanza no arduo desenrolo da convivencia dos homes. Josefina voltará a ser evocación constante e o seu segundo fillo Manuel Miguel recibirá do pai, asulagado nas sombras terribles do cárcere, desbordamentos efectivos e consellos que fan pensar moi detidamente as súas mensaxes.

As "Nanas de la cebolla" son un expoñente claro da fondura e sensibilidade afectiva ("Desperté de ser niño:/ nunca despiertes"). Máis versos coma os que seguen poñen ó descuberto una paixón amorosa que deixa de ser emoción contida:

"... Menos tu vientre/ todo es oculto,/ menos tu vientre/ todo inseguro,/ todo postrero/ polvo sin mundo".

TABLON

CURSOS DE LINGUA

A Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación convoca un Curso de Iniciación á Lingua Galega para médicos, veterinarios, farmacéuticos e Diplomados en Enfermería da Comarca de Verín.

O prazo de presentación de instancias que para asistir a este curso deberán tramitarse a través de Francisco Santamaría Pérez, médico titular de Riós, remata o próximo martes día 8 de xullo.

O curso terá unha duración de 60 horas teóricas e 20 horas prácticas, en horario de luns a venres catro horas diarias. A asistencia ó mesmo será obrigatorio, non podendo ter cada un dos asistentes un número de faltas superior ó 10%.

O rematá-lo Curso aplicarase unha proba escrita e ós funcionarios que a superen otorgaráselles un certificado coa calificación de "Apto". Os asistentes que non acaden calificación positiva entregaráselles un certificado de asistencia.

CONCURSOS DE TRASLADOS

A resolución do concursino de traslados dos Profesores de Educación Xeral Básica destinados naquelas localidades que contan con un censo superior a 10.000 habitantes ou con dous ou máis centros completos e aqueles que en virtude da resolución definitiva dos Concursos Xeral, Restringido e Preescolar, obtiveron destiño en calesquera das localidades que teñan as devanditas características están expostos nos taboleiros de anuncios das respectivas delegacións provinciais da Consellería de Educación.

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDIOS EMPRESARIAIS

A Comisión de Coordinación e Planificación do Consello de Universidades informou favorablemente o expediente cursado pola Consellería de Educación para a creación en Ourense dunha Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

A Comisión de Coordinación e Planificación está composta polos responsables do Ensino nos Consellos de Goberno das Comunidades Autónomas que teñen asumidas competencias plenas como é o caso de Galicia. A sesión do pasado día 26 asistiu o director xeral de Universidades da Consellería de Educación Luis Suárez Llanos, por delegación do conselleiro.

Unha vez recibida a certificación do acordo adoptado someterase ó Consello da Xunta o correspondente decreto de creación, de maneira que o devandito centro poda iniciar ás súas actividades a partir do próximo mes de outubro.

A Diputación Provincial de Ourense, que tivo un especial protagonismo na xestión da iniciativa, poñerá a disposición da Universidade as instalacións e medios necesarios para o funcionamento do centro o cal emprazaráse inicialmente nos locais que ocupaba o pabellón de cirurxía do antigo Hospital Xeral.

ORGANOS DE GOBERNO

Os órganos de goberno dos centros concertados de Formación Profesional, deberán ser elixidos e constituídos con anterioridade á iniciación do curso académico 1986-87, segundo a orde do 18 de xuño de 1986, da Consellería de Educación.

A designación do director deberá realizarse dentro das dúas semanas seguintes á constitución do Consello Escolar.

Os titulares dos centros concertados poñerán en coñecemento dos delegados provinciais da Consellería de Educación, a constitución do Consello Escolar e a designación do director no prazo de 10 días a partir da realización de ámbolos dous actos, indicando os nomes e apelidos do citado cargo e dos compoñentes daquel órgano colexiado.

O Consello Escolar só se constituirá necesariamente naqueles Centros de Formación Profesional que teñan polo menos 5 unidades concertadas.

EXPERIENCIAS

Proposta de obxectivos e actividades xerais para Educación Especial

ANTONIO TOVAR RODRIGUEZ

A finalidade deste sinxelo estudio e aproximación a unhas coordenadas nas que se dinamiza o ensino da Educación Especial, ven dada pola necesidade que hoxe sinte o ensinante, de coñecer as novas aportacións que se están a producir neste apaixonante mundo que supón o achegamento cada vez máis interesado, a unha mentalidade que pode resultar incomprendible para moitos, pero que dalgún xeito, manifesta unha forma de comportamento duns nenos que cada día necesitan máis da nosa axuda e comprensión.

Esta pequena e sinxela aportación, resposta, aínda que sexa minimamente, a profundizar unha miga máis no estudio e atención que necesitan algúns profesionais do ensino, interesados en atopar algúns vieiros de actuación para, deste xeito, enriquece-lo campo da súa actuación e educación pedagóxica.

Aínda que parto dunha interdisciplinariedade nas materias que compoñen o currículo escolar así como dun ensino globalizado entre as diversas áreas de expresión e de experiencia, por razóns meramente expositivas fago unha división das diferentes disciplinas.

Algúns obxectivos e actividades que poden ser desenroladas nun aula de Educación Especial, poden ser as seguintes:

Ciencias Sociais

- Coñecemento do medio que envolve ó neno e no que se move.
- Estudio sinxelo de certos costumes e tradicións dos seus pobos e aldeas.
- Feira e festas.
- Coñecemento da súa casa, partes e función de cada unha delas.
- Coñecemento da familia.

Matemáticas

- Aproximación sinxela e elemental ó concepto de número.
- Exercicios de cálculo mecánico.

Ciencias naturais

- Coñecemento do seu propio corpo. Detalles do seu esquema corporal que nomea espontaneamente, detalles que somente identifica.
- Seres vivos máis comúns que se desenrolan no seu hábitat: Animais, e plantas que se dan no medio que envolve ó neno.
- Sinala-las diferentes partes do corpo nun boneco ou nun debuxo. Coñecemento dos seus dedos: sinalalos no debuxo.

Filoloxía

- Exercita-la mecánica da articulación.
- Exercita-la mecánica da palabra.
- Solucionar, na medida do posible, algunhas deficiencias lingüísticas.
- Coñecemento das letras e das súas grafías: Maiúsculas e Minúsculas.
- Exercicios de caligrafía.
- Lectura sinxela de textíños pequenos.
- Copia dun párrafo. Copia de oracións. Copia de palabras e letras.
- Repetir unha lista de palabras semellantes fonéticamente.
- Detección de posibles dislexias e dislalias.
- Narracións pequenas de contos.

Formación relixiosa

- Coñecemento das oracións fundamentais.
- Saber que Deus é o Noso Pai e quèrenos como fillos que somos.



- Coñecemento da Virxe María como Nai nosa.
- Aprendizaxe de presignarse e santiguarse.

Plástica e dinámica

- Nome-las cores primarias.
- Identificación das cores primarias.
- Copia de trazos feitos á vista do alumno.
- Lateralidade. Exercicios, dereita-esquerda; a diante-detrás; arriba-embaixo.
- A proba do reló.
- Temporalidade: Días; Hoxe-Onte-Mañá; Días da semana; Meses do ano; Cumpleanos; Reis Magos, etc.
- Coñecemento do tacto: formas, volumes, etc.
- Exercicios variados e coordinados de ritmos: marca-lo ritmo co pandeiro ou tambor e levalo coa testa, pes, pitos, etc.
- Repeti-las claves ritmicas.
- Marca-lo ritmo de diferentes palabras, dando un golpe en cada silaba.
- Equilibrio: Pararse nun so pé; deterse de puntas; brincar nun so pé.
- Movementos simultáneos e alternos: Flexión de bonecas; elevación do lombo; flexión dos talóns; abrir e pecha-las mans; abrir e pecha-la boca e mailos ollos o mesmo tempo; flexión de xeonllos e elevación do lombo alternativamente.
- Movemento en secuencia para explorar as relacións espaciais a través do movemento.
- Xirar un cuarto de volta en catro tempos.
- Iniciación á Psicomotricidade: Levalo ritmo co corpo, seguindo a melodía da música.
- Sinxelas dramatizacións.

ALGUN MATERIAL AXEITADO

Seguindo co traballo anterior, referirnos ós obxectivos e actividades propostas, suxerimos nesta oportunidade algún material que pode ter boa utilidade no aula. Será sempre un material de apoio á labor feita polo docente e buscará sempre a utilidade práctica, fuxindo, na medida das propias posibilidades, da complicación e dificultade de uso e fabricación.

Agrupamo-lo material proposto en catro grandes bloques ou grupos de materias: Logopedia, Psicomotricidade, Matemáticas e Linguaxe.

Logopedia

- Espello de parede. Magnetófono; Matrófono; Depresores; Matasuegras,

pitos, velas, globos, pelotas de ping-pong, falutas...; Libros Móviles, láminas con imaxes, barallas de Paláu...; Fichas para dislexias, dictados, estruturación temporoespacial...; Libros adecuados de lectura; Rompetestas para a formación de palabras; Puzzles calendario; Cassete con sons para diferenciación auditiva.

Psicomotricidade

- Materias para a coordinación visomotora: Pezas con buratos para ensartar. Puzóns para picado. Fichas con camiños. Tixeiras. Moldes de letras. Labe-rintos.
- Coordinación audiomotivadora: Tambores. Cascabeis. Maracas. Triángulos. Pitos. Panderetas. Cassees con composicións a diferentes ritmos. Tocadiscos.
- Equilibrio e motricidade global: Ademais para o material de coordinación auditivomotora, aros, tacos, laberintos en relieve, pelotas, bolos, corda para brincar, etc.

Matemáticas

- Bolas, fichas de madeira ou plástico, paus, etc.
- Bloques lóxicos.
- Números en cores.
- Tacos de madeira ou plástico.
- Bolas móbiles en abacos.
- Figuras xeométricas en madeira ou plástico con volume.
- Fichas de recuperación do cálculo.
- Reló.
- Puzzles de números e de operacións.

Linguaxe

- Láminas e libros móbiles para a asociación imaxe-palabra.
- Material de Paláu (libros, barallas).
- Contos.
- Material "Método Esperanza".
- Fichas para a educación grafomotriz.
- Fichas para a reeducación lectoescritora.
- Puzzles para o vocabulario e lectura.
- Calendario para os días da semana, meses e estacións.
- Rompetestas de letras para a formación de palabras e máis de frases.
- Papel de cadros grandes.
- Construción de historietas ou colocación de diálogos en historias.

Antonio Tovar Rodríguez
Profesor de E.X.B.

Avda. C. M^a Rodríguez de Valcárcel,
16-2^o, RIBADAVIA (Ourense)
D.N.I. N^o 34.922.094

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

